



DE VIAXE POLO ENTROIDO TRADICIONAL GALEGO

VIII CONCURSO TRABALLO
POR PROXECTOS

IES Pino Manso (O Porriño,
Pontevedra)

Modalidade 2 c



1. [Introdución e temática do proxecto](#)
2. [Contidos curriculares, criterios, estándares e actividades por trimestres.](#)
3. [Competencias clave](#)
4. [Proceso. Organización para a súa realización.](#)
5. [Documentos para o alumnado e profesorado participante](#)
6. [Alumnado e profesorado participante](#)
7. [Tarefas realizadas polo alumnado](#)
8. [Recursos e fontes empregadas](#)
9. [Difusión entre a comunidade escolar](#)
10. [Avaliación.](#)
11. [Función da biblioteca escolar](#)

INTRODUCCIÓN

A materia *Investigación e Tratamento da Información* é común en todos os grupos de 1º ESO do centro dende a súa aparición baixo o nome de Proxecto Interdisciplinar alá polo curso 2008. Ao longo destes anos, traballouse sempre algunha temática relacionada co proxecto anual pero coa chegada da pandemia, ese eixe das dinámicas de centro desapareceu ao mesmo tempo ca proximidade do traballo colaborativo entre o alumnado.

Así que este ano, ademais de recuperarmos a biblioteca como espazo para as clases de ITI, iniciamos un novo proxecto para intentar volver ao traballo en grupo: *De viaxe polo Entroido galego*.

E por que a temática do Entroido? En primeiro lugar, por ser un tema atractivo para o alumnado xa que dunha forma ou outra ven participando desta festa desde a súa nenez e sobre todo, porque é unha boa forma de achegar e facer valorar o patrimonio cultural, a riqueza e variedade de propostas das diferentes comarcas de Galicia, á un alumnado procedente dunha contorna onde o Entroido perdeu ese carácter ancestral que aínda conserva nalgunhas vilas galegas.

De cara ao proxecto consideráronse tres obxectivos: **coñecer** máis a fondo o Entroido a través da procura, lectura crítica, reelaboración e exposición da información, **contactar** con outras persoas, chegar a acordos, expresar e valorar as ideas propias e alleas e por último, **crear** produtos que sirvan para desenvolver a competencia artística (recreación e exposición de máscaras e sombreiros) e dixital (espazo adicado ao Entroido en GoogleSites).

CONTIDOS CURRICULARES

PRIMEIRO TRIMESTRE

A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital

Contidos	Criterios de avaliación	Estandares	Actividades e tarefas
A biblioteca como espazo de acceso á información	Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.	Presentación da biblioteca. Actividades de formación de persoas usuarias.
As bibliotecas como espazos culturais.	Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.	Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	
Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.	Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.	Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.	
Estratexias de procura eficaz.	Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.	Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	Traballo con textos impresos e dixitais.
		Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	Actividades de recuperación de información en distintos buscadores. Utilización de palabras clave.
Dereitos de autoría.	Recoñecer os dereitos de autoría.	Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	Prácticas para citar a información mediante as normas APA.

Fontes informativas. Localización e selección			
Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.	Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.	Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos	Creación de deseños de CDU
		Recupera facilmente os documentos que precisa	Xogos para atopar os documentos a partir das etiquetas. Creación de etiquetas para documentos propostos.
Recursos dixitais. Internet como fonte de información.	Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.	Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información e valora as características deste medio	Actividades de análise de webs seguindo os criterios: - autoría - finalidade - organización - actualización de contidos - posibilidade de contacto - publicidade
Fiabilidade dos espazos web.	Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables.	Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.	
SEGUNDO TRIMESTRE			
Organizarse para investigar			
Procesos de investigación	Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación	Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	Presentación do proxecto: que sabemos e que queremos aprender.
Planificación dun proxecto de investigación.	Planificar o proceso de procura e recuperación da información.	Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	Concreción por acordo de clase sobre o produto final.

Preparación da procura informativa.	Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.	Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	Lectura de documento previo sobre os diferentes entroidos.
Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.	Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse.	Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.	
Traballo en grupo.	Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.	Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	Despois da lectura dun documento resumido onde aparecen os entroidos máis singulares, cada alumno ou alumna decide cal lle interesa investigar en profundidade. A actividade organízase para que haxa polo menos dúas persoas por Entroido para realizar a procura de información, contrastar coa do seu compañeiro ou compañeira e realizar o traballo de comunicación e exposición do material.
		Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.	
Procura e tratamento da información			
Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles...	Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	Procurar no catálogo dixital os recursos sobre o entroido do que dispón e localízaos na biblioteca
		Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.	Creación dun punto de interese sobre o Entroido para consultar ao longo do trimestre.
Análise e comprensión da	Ler de forma comprensiva textos	Comprende e analiza textos	

información atopada.	informativos de diferente tipoloxía	continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	Lectura de textos impresos e dixitais de diferente tipoloxía. Resumos e identificación de ideas principais nun borrador. Recompilación de fotografías para realizar os elementos da exposición no centro. Compilación das fontes no caderno para logo recuperalas no traballo escrito en Google Sites.
Interpretación e valoración da información atopada.	Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.	Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	
Proceso da información: extracción e síntese	Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.	Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	
Citas e referencias.	Recoller as fontes consultadas para os efectos de citalas correctamente no produto final.	Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.	
Xeración de contidos e comunicación			
Organización e reelaboración da información.	Estruturar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.	Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.	Organiza as ideas recollidas co compañeiro/a de traballo como exercicio previo a escrita na web do proxecto. Elaboración das máscaras e elementos do entroido para súa exposición no instituto.
Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de	Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	Traballo con Google Sites.

	texto de forma autónoma.		
Características dos textos dixitais eficaces.	Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	Coñecemento do sitio(como editar o texto, inserir imaxes, vídeos...) e acordo dunha formato común para todos os grupos. Recompilación e citas das fontes consultadas.
TERCEIRO TRIMESTRE			
Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	Elabora material de apoio para as súas presentacións orais. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.	Presentacións orais en clase por parellas.
Exposicións orais dos traballos realizados. escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas.	Expor de forma ordenada e a partir dun guión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.).	Participa na presentación oral dos traballos elaborados. Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	
Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas	Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.	Realización de rúbricas para valorar o seu traballo e os da clase. Kahoots sobre o Entroido. Valoración da exposición física.

COMPETENCIAS

Competencia en Comunicación Lingüística

Desenvolveuse no alumnado mediante a procura, interpretación, selección e posta en común da información, confrontando as fontes, expresando e escoitando ideas co resto do alumnado e creando os seus propios textos de xeito correcto ortograficamente, coherente e creativo en diferentes formas e soportes.

Competencia dixital.

Foi imprescindible durante todo o proceso; non só durante o traballo de procura na rede, momento no que o alumnado enfróntase á distintos tipos de webs que debe valorar senón tamén a través do uso dos seus propios recursos tecnolóxicos – netbooks e aula virtual Edixgal- e aplicacións informáticas: ferramentas de edición de texto e fotografía, espazo en Google Sites...

Conciencia e expresións culturais

É unha das competencias máis importantes deste proxecto. A finalidade foi que o alumando valorase o noso patrimonio cultural a través do coñecemento dalgunhas das manifestacións máis características do entroido tradicional galego e ao mesmo tempo, desenvólvese a súa imaxinación e creatividade na creación das máscaras e sombreiros.

Competencia para aprender a aprender.

Partindo do análise do seu propio coñecemento sobre o tema do proxecto, o alumnado é o protagonista do aprendizaxe, organizando e planificando o

traballo a desenvolver, atento aos tempos de realización, establecendo metas realistas e valorando o aprendido.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

No proxecto de investigación é fundamental a planificación, organización, xestión e toma de decisións, a capacidade para resolver problemas e adaptarse ao cambio. Tamén a habilidade para traballar individualmente e en equipo.

Competencias sociais e cívicas

O traballo por proxectos permite adquirir unhas habilidades sociais para relacionarse, para cooperar e traballar en equipo e establecer acordos sobre o modo de organizarse, elaborar o traballo e expoñerllo, propoñendo o seu propio punto de vista e defendendo as súas ideas pero tamén aprendendo a valorar as dos demais. O alumnado ten que desenvolver tamén unha voluntariedade para autocorrixirse e autoavaliarse.

DESCRICIÓN DO PROCESO

1º Trimestre



Acceso á biblioteca

Presentación da biblioteca e dos recursos dispoñíbles.

Actividades de formación de persoas usuarias

A CDU

Tipoloxía das fontes. Os dereitos de autoría.

Pautas para buscar na rede con eficacia.

— 100

2º Trimestre

O proxecto

Pautas para facer un traballo de investigación.

Proposta sobre o Entroido: que sabemos e que queremos aprender.

Decisión sobre os produtos finais: web, exposición física e exposicións orais.

Organización dos grupos e do traballo

Procura da información: lectura, análise, as fontes e reelaboración de textos.

Creación das máscaras e elementos do Entroido.



2ºe 3º Trimestre

Comunicación

Web destinada ao proxecto en Google Sites: edición de textos, imaxes e vídeos.

Difusión na web do centro e nos perfís sociais da biblioteca.

Exposicións orais

Avaliación(coavaliación e kahoots)



DOCUMENTACIÓN ELABORADA

Bloque na aula virtual de Edixgal coas etapas do proceso e punto de entrega para as tarefas.

[Web sobre o Entroido en Google sites.](#)

Diferentes rúbricas para a avaliación e coavaliación do alumnado ([Anexo](#))

ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

Participaron todos os grupos de 1º ESO(unha media de 25 alumnos e alumnas por clase) na materia de ITI coa súa profesora, Patricia Peña, pertencente ao departamento de Música e coordinadora da biblioteca.

TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO



Formación AMI e ALFIN

Lectura dun primeiro documento sobre o Entroido e limitación do tema.

Organización dos grupos de traballo(dous ou tres persoas por festa)

Procura de información, análise de fontes e redacción do borrador. Recompilación das páxinas webs e recursos utilizados.

Creación de máscaras e sombreiros do Entroido e montaxe da exposición no centro.

Aprendizaxe das funcionalidades de Google sites. Mapas, imaxes, vídeos, edición de texto.



Creación da web: [DE VIAXE](#)
[POLO](#) [ENTROIDO](#)
[GALEGO.](#)

Presentacións orais e
coavaliación.

RECURSOS EMPREGADOS

Netbooks e aula virtual Edixgal

Material reciclado e de papelería.

Biblioteca escolar. Fontes impresas e
selección de recursos web.

Google Sites, correo google.

Kahoots

Ferramentas de ofimática LibreOffice(Text e
Impress)

[Normas APA. Prácticas para citar.](#)

FONTES CONSULTADAS

Documento de partida: [Pdf sobre o Entroido](#) do portal de Turismo da Xunta de Galicia

Federico Cocho. (2001). *O entroido galego*. Vigo: A Nosa Terra.

Federico Cocho. (2008). *O carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais

Diario O Sil. (Febreiro 2021 e 2022) Suplemento especial Entroido.

[Páxinas web dos distintos concellos e festas](#)(mais detalle na web do proxecto)

DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Exposición de máscaras no centro na semana previa ao Entroido



Publicación na web do centro e nas redes da biblioteca.

Information displayed on the IES Pino Manso website, showing a page titled "ENTROIDO TRADICIONAL GALEGO" (Traditional Galician Carnival) under the heading "INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN" (Research and Information Treatment).

The page includes a list of activities for 1º ESO (1st Year of Secondary Education):

- procura de información
- creación de máscaras de entroido
- exposición na entrada do IES

The page also features a section for "OBRADOIRO SAMAÍN" (Samaín Workshop) and a sidebar with "DOCUMENTOS" (Documents) related to COVID 19 and other educational topics.

Additional information on the right side of the page includes contact details for the school and a list of links to various educational resources.

AVALIACIÓN E PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

A valoración do proxecto foi moi positiva en canto a implicación do alumnado, especialmente na creación das máscaras e na elaboración de contidos na web. Na parte máis creativa apreciouse como unha parte do alumnado que é máis pasivo nas clases implicábase dunha forma máis activa no proceso. Tamén é salientable o feito de que algúns dos equipos empregaron o seu tempo de lecer nos recreos para rematar as máscaras ou axudaron aos outros para ter preparada a exposición a tempo no instituto.

En canto a edición da web, a meirande parte do alumnado mostrou unha actitude moi aberta cara á aprendizaxe xa que non coñecían Google Sites e gustoulles crear os seus propios contidos.

Os procedementos de avaliación foron principalmente rúbricas: das exposicións orais(coavaliación), do proceso de investigación e reelaboración da información e das súas creacións para a exposición.

Tamén valoráronse os borradores nos cadernos e a súa aprendizaxe mediante kahoots.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

A biblioteca aportou o espazo, a formación de persoas usuarias, os recursos impresos e dixitais, materiais para a preparación da exposición e orientación durante o traballo.

Todas as fases do proxecto leváronse a cabo na biblioteca dentro da hora de ITI e durante algúns recreos nos que avanzamos a creación das máscaras cara á exposición no instituto.

Patricia Peña

O Porriño, 7 de xullo de 2022